

Texto e ilustracións: **JACOBO FERNÁNDEZ SERRANO**

Encadernado en cartóné. BD Banda.

78 páxinas a toda cor. 21x30 cm.

Dispoñible en:

-Galego: "Os amigos de Archimboldo Roque"

ISBN 978-84-96957-39-8

-Castelán: "Los amigos de Archimboldo Roque"

ISBN 978-84-96957-38-1

Prezo: 16 €

## OS AMIGOS DE ARCHIMBOLDO ROQUE

**O Cabaliño de Manamí, o desgraciado Harold, os Tapadiños, a Pompa Fúnebre, a malvada dona Bixelmina, o Hiperhome, o Manmaceira, o caracol Anatol, os Mesmiños, as Dezasete Musarañas, o Librepensador, os Animais Pantasma, o panal de abellas de Patinir... En fin, que xa o di Archimboldo: «Na terra hai moita xente, e cada un é cada un».**

Esta é a filosófica carta de presentación de Archimboldo Roque, un rinoceronte unicornio branco, un ser único e irrepetible que convida os lectores a coñecer a súa ampla e variada 'fauna' de amigos: as anécdotas dos ratos xemelgos, as ocorrencias da nena escritora, os pensamentos da cebrá Miraceos, as habilidades da serpe masaxista...

Non menos interesantes son as peripecias do bañista Caetano, as curiosidades sobre a gata ladradora, as aventuras dos intrépidos Tadeusz e Amoroda, a vida de Senén Equivocado Petón e Valentín Sirope, ou as particularidades dos Vermes de Delft... máis de oitenta protagonistas asómanse ás páxinas deste álbum cheo de personaxes raros, insólitos, sen lugar de procedencia concreto.

O seu autor, Jacobo Fernández, desprega todo o seu potencial imaxinativo nesta recompilación da serie que publicou entre os anos 2002 e 2003 na desaparecida revista de banda deseñada 'Golfinho'. A súa fonte de inspiración permanente é o día a día, a xente, a información dos xornais, un comentario simpático; a chispa que acende a vida de cada personaxe é caprichosa e pode xurdir en calquera lugar.

Ainda que nen Archimboldo nen os seus amigos sexan reais, o importante é que son personaxes vivos, que reaccionan e experimentan todo tipo de vivencias. As súas historias son un entretenemento para o lector, emocionan, fan reflexionar e, por máis inverosímiles que parezan, no fondo teñen sentido. Mesturan a súa aparencia infantil, a través da inocencia, inxenuidade e sinxeleza coa que se presenta cada páxina, con temas de calado, o que resulta moi atractivo mesmo para lectores adultos.  
<http://osamigosdearchimboldoroque.blogspot.com/>

**JACOBO FERNÁNDEZ** (Vigo, 1971)

Ilustrador, pintor e debuxante de cómic. Licenciado en Belas Artes pola Universidade Complutense. Ademais de crear a serie de Archimboldo Roque, ilustrou varios libros. Entre as distincións que recibiu destaca o premio do III Concurso Castelao 2007, convocado pola Deputación da Coruña, pola obra "As aventuras de Cacauequi".



- **Temática:** historietas de cómic
- **Idade recomendada:** dende 8 anos
- **Aspectos destacables:** historias protagonizadas por máis de 80 personaxes; humor e surrealismo; inclúe unha entrevista co autor; leccións de cómic impartidas polo personaxe do amorodo Baltus

